




**INFORME-RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN PRESENTADAS PARA OPTAR ÁS SUBVENCIONS DE APOIO Á CULTURA DESTINADAS AOS CENTROS E CASAS CULTURALS DO CONCELLO DE PONTEAREAS, QUE TIVO LUGAR O 19 DE DECEMBRO DE 2018.**



Na casa do Concello de Ponteareas, a 19 de decembro de 2018, reunidos baixo a presidencia da Concelleira de Cultura, dona Hortensia Bautista Fernández, actuando como secretaria a funcionaria dona Silvia María Rodríguez Iglesias, e dona María Belén Giráldez Ojea, como traballadora do departamento de cultura, compoñentes da Comisión de Avaliación nomeada por Resolución de Alcaldía.



A Comisión de Valoración comeza a avaliar as solicitudes coas documentacións achegadas polos distintos centros culturais do Concello de Ponteareas, de conformidade coas Bases aprobadas polo Concello e publicadas no BOPPO o 15 de novembro de 2018.



Verifícase que as solicitudes cumpren cos requisitos esixidos na convocatoria e de conformidade coas bases aprobadas procédese a avaliar, en función dos criterios de reparto de axudas contidos nas cláusulas a), b) e c) da base 7ª da convocatoria segundo o detalle, e por unanimidade a favor dos membros presentes (3 votos a favor), acórdase:

1º Establecer o valor do punto en 60,79 euros, que se obten unha vez restada a cantidade de 10.000 euros (subvención inicial 300 €, mais 100 € para gastos enerxéticos) concedidas a cada un dos 25 centros participantes, da cantidade total a repartir (50.000 €).

2º Conceder provisionalmente as puntuacións e as subvencións segundo o detalle que se reflicte na taboa seguinte:

### SUBVENCIÓNS PARA CENTROS CULTURAIS 2018

Relación de centros culturais	Subvención inicial + Gasto enerxético	Puntuación	Total da Subvencion
C.C. ANGOARES	400	19	1555,02
C.C. ARCOS	400	58	3925,84
C.C. AREAS	400	44	3074,77
C.C. ARNOSO	400	20	1615,81
C.C. BUGARIN	400	24	1858,97
C.C. CELEIROS	400	22	1737,39
C.C. CRISTIÑADE	400	32	2345,29
C.C. CUMIAR	400	14	1251,06
C.C. FOZARA	400	28	2102,13
C.C. GUILLADE	400	32	2345,29
C.C. GULANS	400	44	3074,77
C.C. COUSO-GULANS	400	18	1494,22
C.C. MOREIRA	400	26	1980,55
C.C. PADRONS	400	24	1858,97
C.C. AS CORTELLAS (PADR)	400	14	1251,06
C.C. PIAS	400	20	1615,81
C.C. CANEDO (PONT)	400	13	1433,43
C.C. SPORTIVO (PONT)	400	16	1372,64
C.C. PRADO	400	29	2162,92
C.C. RIBADETEA	400	25	1919,76
C.C. CILLARGA (RIBAD)	400	14	1255,06
C.C. SAN LORENZO	400	10	1007,9

C.C. SAN MATEO	400	30	2223,71
C.C. MUIÑOS DE OLIV.	400	34	2466,87
C.C. XINZO	400	44	3074,77
<b>TOTAL</b>	<b>10000</b>	<b>654</b>	<b>50.000</b>

Cálculo do valor de cada punto:

Subv. Total – subv. Inicial – subv. gasto enerxetico = cantidade a repartir  
entre o total de puntos (50.000 - 7.500 - 2.500 = 40.000)

Total de puntos : 654

$40.000 / 654 = 61,16 \text{ € / punto}$

3º Publicar a presente resolución provisional na páxina web do Concello de Ponteareas e no Taboleiro Municipal, concedéndose un prazo de 5 días naturais contados a partir do día seguinte da súa publicación, para formular alegacións.

Levántase a presente acta-resolución da que eu Secretaria da Comisión, dou fe.

Hortensia Bautista Fernández



Presidente

Silvia María Rodríguez Iglesias,



Secretaria

María Belén Giráldez Ojea



Vogal

